

**ADENDA Á PROGRAMACIÓN DO  
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**

**CPI ANTONIO ORZA COUTO**

**Curso 2021/22**

**Rocío Leira Rodríguez**

Nesta adenda modifícanse a programación do departamento de Tecnoloxía no referente aos seguintes puntos, para adaptarse á **ORDEN do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación** nas ensinanzas de educación primaria, **de educación secundaria obrigatoria** e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

**Materia: TECNOLOXÍA**

### **Procedementos de avaliación (único punto con modificacións)**

A avaliación dos alumnos realizarase a partires de diferentes procedementos e empregando a súa vez distintos instrumentos. Terase en conta os seguintes aspectos para a avaliación: **(En vermello e negrita ás modificacións )**

- Exames. Haberá un exame por cada un dos bloques temáticos recollidos na programación. (Por norma xeral).

Despois de cada avaliación, farase un exame de recuperación dos bloques temáticos suspensos nesa avaliación. Se un alumno nunha avaliación, ten aprobado un bloque temático e noutro ten unha nota inferior a 3 deberá facer o exame de recuperación soamente co bloque temático suspenso.

**No periodo do 6 ao 23 de xuño (cando terá lugar a avaliación fina), o alumnado realizará os exames dos bloques de contidos que teña que recuperar. O alumnado que teña todas as avaliacións aprobadas, tendrá a opción de subir nota na avaliación coa calificación máis baixa.**

### **Criterios de cualificación**

Explicados xa os procedementos e instrumentos, procederase a continuación a valorar cuantitativamente os diferentes instrumentos e a súa contribución á nota final.

As aportacións cuantitativas para a nota final da avaliación se repartirá nos seguintes tres apartados:

**Exames:** Constituirán o 80% da nota (un 50% en 4ºeso). Por norma xeral os alumnos farán un exame por cada unidade ou bloque temático. Nos exames irá indicada a puntuación de cada pregunta individualmente.

Despois de cada avaliación, farase un exame de recuperación dos bloques de contidos

suspensos nesa avaliación. Se un alumno nunha avaliación, ten aprobado un bloque de contidos e noutro ten unha nota inferior a 3 deberá/poderá facer o exame de recuperación soamente co bloque temático suspenso. Si a nota é igual o superior a 4,5 puntos, o alumno recuperará a materia.

**O alumnado que teña aprobadas as tres avaliacións recibirá como calificación a media das tres avaliacións, sempre e cando a nota mínima de cada avaliación sexa superior a 3 puntos.**

**Se o resultado da media é inferior a 4,5 puntos, o alumno deberá ir á avaliación final (realización de traballos ou exames según o considere a profesora) que terá lugar a finais do mes de xuño, despois de un periodo de reforzo e actividades. Por estes traballos ou exames de recuperación o alumnado obterá unha calificación máxima de 6 puntos. Nesa avaliación final o alumnado terá que recuperar os bloques de contido suspensos ou cunha nota inferior a 4,5 puntos.**

**No periodo que abrangue dende o 6 de xuño e o a avaliación final, os alumnos recibirán un reforzo educativo da materia co fin de poder repasar os contidos do curso de cara a avaliación final, asemade tamén poderán subir nota na avaliación coa calificación máis baixa aqueles alumnos coa materia aprobada antes de 6 de xuño.**

**Traballos:** Normalmente serán un por avaliación e constituirán o 15% da nota, en 4º eso un 40%. (Se houberse varios traballos se fará a media de todos eles). Non se recollerán os traballos fóra de prazo. Os traballos non entregados ou fóra de prazo serán avaliados cun cero. A nota dos traballos repartirase do seguinte xeito:

- **Presentación:** 10%  
Limpeza e meticulosidade na presentación.
- **Formato:** 10%  
Cumprimento das normas de entrega do traballo expostas pola profesora para cada traballo no tocante a título, subtítulo, portada, formato carácter...
- **Contidos:** 70%. Presenza de todos os puntos do traballo e que todos os puntos estean desenvolvidos de xeito correcto e riguroso; que estean redactados polo alumno e non copiados de internet.
- **Exposición oral dos traballos:** Cando se faga unha exposición dos traballos presentados, a nota dividirase de xeito que os apartados anteriores contarán un 70% e a exposición en sí un 30%

**Actitude:** Contribuirá un 5% á nota da avaliación e poderá acadar valor negativo ata un

máximo de -0,5 puntos, en 4º eso un 10%(-1 punto ata +1 punto). Neste apartado se valorará a puntualidade ás clases, as chamadas de clase (inclúese aquí tamén os deberes feitos), que leven o material á clase, o cuaderno e o comportamento. Cada vez que un alumno non faga as tarefas ou non saiba as preguntas feitas na clase con contidos que deberon repasar na casa, recibirán unha calificación de -0,25 puntos que restará no apartado actitude, ata un máximo de -0,5 puntos.

Á hora de cualificar terase tamén en conta o seguinte: Non poñer as unidades no resultado dos exercicios resta un 25% do valor do mesmo.

Por cada falta ortográfica nos exames restarase 0,05 puntos.

Nos exames, nos exercicios de cálculo, cando non se producen erros no plantexamento, pero si na operación, restarase o 25% da puntuación do exercicio ou apartado.

## **Materia: TIC**

### **Procedementos de avaliación**

A avaliación dos contidos desta área efectuarase mediante a observación sistemática do traballo do alumno na clase, exames escritos e, sobre todo traballos ou tarefas, nos que o alumno deberá demostrar tanto o dominio de conceptos coma o de destrezas básicas da área.

A nota final en cada avaliación será, polo tanto, a suma de tres apartados diferentes:

- Exames: Haberá un exame ou dous por avaliación, que non teñen porqué ser en formato papel, normalmente será no ordenador. Terá que ter un mínimo dun catro en cada un dos exames para facer media cos outros apartados computables.
- Traballos: Haberá un mínimo dun traballo en cada avaliación. É obrigatoria a presentación de todos e cada un dos traballos para superar a avaliación.
- Actitude: Neste apartado se valorará directamente o traballo feito na clase, e o comportamento do alumno, así coma a realización das tarefas pedidas pola profesora para completar ou realizar na casa.

Para superar a materia ao final do curso, os alumnos deberán ter aprobadas todas e cada unha das avaliacións, e a nota final será a media de todas as avaliacións.

**Haberá exames ou os alumnos deberán entregar traballos ou tarefas pendentes ou de recuperación no periodo do 6 ao 23 de xuño para superar a materia se a nota media das tres avaliacións é inferior a 4,5**

### **Criterios de cualificación**

Explicados xa os procedementos e instrumentos, procederase a continuación, a valorar cuantitativamente os diferentes instrumentos e a súa contribución á nota final. As aportacións cuantitativas para a nota final da avaliación se repartirá nos seguintes tres apartados:

Para a cualificación do alumnado seguiremos o seguinte criterio:

- Os EXAMES representan o 40% da nota global.
- Os TRABALLOS dos alumnos representan o 40% da nota global. Cada traballo terá unha data de entrega, fora de esa data non se revisarán os traballos
- O apartado ACTITUDE computará o comportamento, traballo diario, as tarefas da casa e actitude na aula representan un 20% da nota global (podendo chegar a restar ata un máximo de 2 puntos).

Farase unha recuperación de cada avaliación. Nesta recuperación os alumnos

recuperarán soamente as unidades que teñan suspensa da avaliación. Si a nota do exame é superior a 3,5 faráse a media co outro exame da avaliación correspondente, si un dos exames ten unha nota inferior a 3,5, non se fará a media e a nota da avaliación será suspensa.

A nota final do alumno será a nota media de cada unha das avaliacións. Non pode ter unha nota inferior a 3,5 nunha avaliación para facer a media. Para aprobar en xuño terá que ter unha calificación igual ou superior a 4.5. Deberá igualmente entregar os traballos, si é o caso, que o profesor estime convinte.

**Si a nota media das tres avaliacións é inferior a 4,5 puntos, o alumnado deberá recuperar as avaliacións ou partes suspensas mediante a realización de exames ou entrega de tarefas, nas que o alumnado nunca recibirá unha nota superior a 6. Esta recuperación na avaliación final, levarase a cabo no periodo do 6 ao 23 de xuño.**

**Materia: Programación**

**A calificación da avaliación final, será a media das tres avaliacións. Si a media é superior a 4,5 puntos, o alumno levará esa nota media na avaliación final e terá**

**aprobada a materia. Pola contra si a media é inferior a 4,5 puntos os alumnos deberán entregar as tarefas que teña pendentes de entrega para recuperar a materia. Dichas tarefas se entregaran nas datas estipuladas pola profesora no periodo do 6 ao 23 de xuño. Neste mesmo periodo, a profesora planteará tarefa/s voluntaria/s que permitirán ao alumnado engadir ata un punto máis na calificación final da materia, sempre que a execución sea a correcta.**

O Forte 9 de abril de 2022

Fdo: Rocío Leira Rodríguez

Departamento de Tecnoloxía